

A certificación das competencias profesionais: Certificados de Profesionalidade

The certification of professional skills: Professional Certificates

Palabras clave: Certificados de Profesionalidade, cualificacións, competencias, acreditación, inserción profesional

Resumo:

A día de hoxe son múltiples e variadas as opcións formativas coas que contamos para formarnos á marxe da formación regulada. Unha destas alternativas son os **Certificados de Profesionalidade**, que en España se atopan regulados polo **Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro**, e son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do **Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais** no ámbito da administración laboral.

A través do certificado de profesionalidade acréditanse oficialmente as competencias necesarias para o desenvolvemento dunha actividade laboral, recollidas no **Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais**.

Os certificados teñen validez en todo o territorio español, mais é necesario ter presente, sen embargo, que estes non son equivalentes ás titulacións de formación profesional regulada. Non son títulos académicos, e polo tanto non dan acceso aos ciclos formativos e/ou estudos universitarios.

Keywords: Professional Certificates, qualification, skills, accreditation, employability

Abstract:

Today are many and varied training options that we have to form ourselves outside formal education. One of these alternatives are Professional Certificates, which in Spain are regulated by Royal Decree 34/2008, of 18 January, and are the instrument of formal accreditation of professional qualifications in the National Catalogue of Professional Qualifications in the area of labor administration.

Through professional certificate officially credited the skills needed for the development of a work activity, included in the National Catalogue of Professional Qualifications.

The certificates are valid throughout the Spanish territory, but it is important to remember, however, that these are not equivalent to the degrees of formal training. No academic qualifications are, and therefore do not give access to vocational training and / or college.

Introdución:

Os certificados de profesionalidade veñen a tratar de solucionar un problema social existente en España, que é o **baixo nivel de formación e cualificación** dunha importante porcentaxe da poboación. Entre as múltiples vantaxes que traen consigo debemos destacar o feito de que ofrecen una segunda oportunidade a todas aquelas persoas que por un motivo ou outro abandonaron a formación regrada e desexan retomar a súa formación. Tamén existe outro perfil de suxeitos moi común que vota man dos certificados de profesionalidade, que son aqueles que levan moito tempo desempeñando un oficio pero non contan cunha acreditación que certifique a súa competencia no seu oficio.

Outra das vantaxes que nos ofrecen os certificados de profesionalidade é que estes se subdividen en varias **familias profesionais e niveis de cualificación**, polo que dispoñemos dunha ampla variedade de especialidades.

As **familias profesionais** nas que se agrupan os Certificados de Profesionalidade son as seguintes: Administración e Xestión, Actividades Físicas e Deportivas, Agraria, Artes gráficas, Comercio e Márketing, Electricidade e Electrónica, Enerxía e Auga, Edificación e Obra Civil, Formación Complementaria, Fabricación Mecánica, Hostelería e turismo, Imaxe persoal, Imaxe e son, Industrias alimentarias, Industrias extractivas, Informática e comunicacións, Instalación e mantemento, Madeira, moble e cortiza, Marítimo pesqueira, Química, Sanidade, Seguridade e medioambiente, Servizos socioculturais e á comunidade, Têxtil, confección e pel, Transporte e mantemento de vehículos, Vidro e cerámica.

Á súa vez, estas familias subdivídense en tres **niveis de cualificación**.

Nivel 1: aos alumnos que accedan ás accións de formación dos certificados de profesionalidade de nivel 1 de cualificación non se lles esixirán requisitos académicos nin profesionais.

Niveis 2 e 3: para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade dos niveis de cualificación profesional 2 e 3 os alumnos deberán cumprir algún dos requisitos seguintes:

- Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para o nivel 2 ou título de Bacharel para o nivel 3.
- Estar en posesión dun certificado de profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade ao que se desexa acceder, estar en posesión dun certificado de profesionalidade do nivel 1 da mesma familia e área profesional para o nivel 2 ou dun certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional para o nivel 3.
- Cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio para o nivel 2 ou de grao superior para o nivel 3, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter os coñecementos formativos ou profesionais suficientes que permitan cursas con aproveitamento a formación.

Antecedentes:

Os certificados de profesionalidade teñen o seu orixe na creación do **Instituto das cualificacións** (R.D. 375/1999 de creación del Instituto de las Cualificaciones –INQUAL–) que tiña como **obxectivos** principais:

- Observación das cualificacións e a súa evolución.
- Determinación das cualificacións.
- Acreditación das cualificacións.
- Desenvolvemento da integración das cualificacións profesionais.
- Seguimento e avaliación do Programa Nacional de Formación Profesional.

Tiña, polo tanto, como **trazos** esenciais:

- Desenvolver a integración das cualificacións profesionais.
- Promover a integración das diversas formas de adquisición das competencias profesionais.
- Conseguir a integración da oferta de formación profesional.

Crease entón, no ano **2002**, o **Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional** co fin de facilitar a integración das distintas ofertas formativas e as distintas formas de acreditación das competencias e das cualificacións profesionais, que se encontraba formado polo **Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais** (eixo fundamental do Sistema); un procedemento de **recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais** (PREAR); un servizo de **información e orientación en materia de formación profesional e emprego**; e un servizo de **avaliación e mellora da calidade** do Sistema Nacional de Cualificacións y Formación Profesional.

No ano **2003** o **Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais** constitúe a base para elaborar a oferta formativa conducente á obtención dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade e a oferta formativa modular e acumulable asociada a unha unidade de competencia.

No ano **2007** o **Subsistema de Formación Profesional para o Emprego** (FPE) integra as **dúas modalidades de Formación Profesional, Formación Ocupacional e Continua**, polo que a oferta do FPE vinculada a CNCP pasa a estar constituída pola formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade, tendo carácter modular co fin de facilitar a acreditación parcial acumulable da formación recibida.

No ano **2008** establécense **novas directrices dos Certificados de Profesionalidade**, derogándose, deste modo o Real Decreto 1506/2003, do 28 de novembro. Posteriormente engádense novas modificacións no ano 2010 (Real Decreto 1675/2010).

Recentemente, no ano **2013**, publicouse a **Orde ESS/1897/2013**, de 10 de outubro, na que se desenvolve o RD 34/2008, co fin de adecuar a regulación dos certificados de profesionalidade en relación co novo contrato para a formación e a aprendizaxe e a formación profesional dual.

Os certificados de profesionalidade teñen por obxecto *impulsar e estender entre as empresas e os traballadores ocupados e desempregados unha formación que contribúa a adquisición, mellora e actualización permanente das competencias e cualificacións profesionais, favorecendo a aprendizaxe ao longo de toda a vida da poboación activa, e conxugando as necesidades das persoas, das empresas, dos territorios e dos sectores produtivos.*

Xustificación:

Os certificados **acreditan con carácter oficial as competencias profesionais** que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación no emprego. Trátase, deste modo, de proporcionar aos traballadores a formación requirida polo sistema produtivo e achegar os certificados á realidade do mercado laboral.

Os certificados, que se obteñen por unha banda, tras superar todos os módulos formativos que integran o certificado de profesionalidade e, por outra, mediante os procedementos para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de

formación, poden constituírse nun instrumento de acreditación de competencias para o desenvolvemento dunha actividade laboral, son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais no ámbito da administración laboral.

Os certificados de profesionalidade e a súa formación asociada teñen como obxectivo **dar resposta ás necesidades da sociedade do coñecemento, baseada na competitividade, a empregabilidade, a mobilidade laboral e o fomento da cohesión e a inserción laboral**. A súa expedición corresponde á administración competente, con carácter oficial.

Os certificados compóñense tamén de especialidades complementarias, pertencentes todas á Familia profesional de **Formación Complementaria** (FCO) e teñen a consideración de **formación transversal** en áreas que se consideran prioritarias tanto no marco da Estratexia Europea para o Emprego e do Sistema Nacional de Emprego como nas directrices establecidas pola Unión Europea.

En todo caso, son áreas prioritarias as relativas a **tecnoloxías da información e a comunicación, a prevención de riscos laborais, a sensibilización no medio ambiente, a promoción da igualdade, a orientación profesional** e aquelas outras que se establezan pola Administración competente.

En España existen múltiples entidades formativas que se dedican, entre outras cousas, á impartición de certificados de profesionalidade.

Son numerosos os alumnos que cada ano buscan unha oportunidade formativa que os axude a **mellorar a súa empregabilidade**, e os certificados de profesionalidade presentan un importante atractivo para case todos os suxeitos, xa que ao tratarse dunha **formación maioritariamente práctica** os alumnos presentan unha **facilidade de aprendizaxe e unha elevada motivación cara a formación**.

En relación á formación profesional os certificados de profesionalidade presentan unha clara **vantaxe**, que é que mentres que os ciclos formativos se dividen en dous niveis: medio, para o cal é necesario ter a ESO ou superar unha proba de acceso; e superior, para o cal é preciso ter o bacharelato ou tamén superar a corresponde proba de acceso, os certificados de profesionalidade presentan un nivel máis, que é o **nivel**

1. Este nivel permite a todas aquelas persoas que por diferentes causas tiveron que abandonar a educación regrada sen superar a ensinanza mínima que lle permitiría formarse profesionalmente nunha profesión, dispoñendo dunha nova oportunidade que lles permite mellorar a súa cualificación. Polo que deste modo, teñen unha opción de formación que lles permite mellorar as súas competencias. Ademais unha vez rematado o certificado de nivel 1, teñen a opción de acceder aos certificados de nivel 2 sempre e cando este sexa da mesma familia profesional.

Na práctica, tamén se dan casos de persoas que dende moi novos ou novas desempeñaron un oficio, pero á hora de buscar un emprego non teñen forma de acreditar a súa preparación en relación ao mesmo, polo que a través desta vía poden certificar a súa profesionalidade e inclusive melloralala.

Se nos poñemos no outro lado da balanza, debemos indicar tamén que os certificados de profesionalidade presentan unha clara **desvantaxe** que é que se trata de formación non regrada, polo que, **non son unha vía de acceso a niveis superiores de educación formal, nin son homologables os módulos formativos con materias da formación regulada** de, por exemplo, ciclos formativos da mesma familia profesional.

Discusión/Conclusións:

A validación da aprendizaxe non formal e informal é unha **herramienta importante no contexto da actual crise económica**, así como na busca de obxectivos económicos e sociais a nivel europeo. Non obstante, **en Europa a validación da aprendizaxe non formal e informal organízase de xeito diferente e entre os distintos estados membros** e, por conseguinte, entre países europeos existen enormes diferenzas no seu desenvolvemento e aplicación.

Pese a que a presente análise se fixo no territorio español, en Portugal, o proceso de **Recoñecemento, Validación e Certificación de Competencias** (RVCC) seguiu un traxectoria bastante similar, xa que comezou a levarse a cabo en 2001. Aínda que principal cambio político produciuse en **2006-2007** coa creación dun **Sistema Nacional de Cualificacións** (SNC), creándose **Centros de Novas Oportunidades**

para proporcionar cualificacións á poboación, a través dos procesos RVCC e a través dunha formación cualificada.

En relación a isto, considero interesante mencionar a importancia, de que a acreditación das competencias debería ser **consensuada entre os estados membros da Unión Europea**, facilitando, ao igual que na formación regulada, as **convalidacións** das certificacións profesionais.

Para rematar, sinalar que, como podemos observar, os certificados de profesionalidade son unha boa alternativa á hora de mellorar as oportunidades profesionais dos suxeitos, xa que se incentiva, ademais, a **competitividade, a empregabilidade, a mobilidade laboral e o fomento da cohesión e a inserción laboral**.

Referencias:

- INCUAL: http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice_incual.html
- R.D. 375/1999 de creación del Instituto de las Cualificaciones
- L.O. 5/2002 de las Cualificaciones y de la Formación Profesional
- R.D. 1128/2003 que regula el Catálogo Nacional de las Cualificaciones
- R.D. 395/2007 Subsistema de Formación Profesional para el empleo.
- R.D. 34/2008 por el que se regulan los Certificados de Profesionalidad.
- Orden ESS/1897/2013 por la que se desarrolla el R.D 34/2008

